

MOCHILAS

1. INTRODUCCIÓN

2. ACCESO

3. CREAR MOCHILA

3.1. Engadir exemplares

3.2. Modificación e visualización de exemplares

3.3. Desvincular exemplares

4. XESTIONAR MOCHILAS

4.1. Visualizar contido

4.2. Editar mochila

4.3. Activar / Desactivar mochila

4.4. Duplicar mochila

4.5. Listados

4.6. Eliminar mochila

5. PRESTAR MOCHILA

6. DEVOLVER MOCHILA

7. RENOVAR MOCHILA

1. INTRODUCCIÓN

O obxectivo das mochilas viaxeiras é poñer en valor os libros e a lectura no contexto familiar. Están compostas por lotes de documentos de tipoloxía diversa, conformados polo equipo da biblioteca pensando nos distintos membros da familia.

O alumnado levará en préstamo estes lotes de forma rotatoria por un breve período de tempo. Para a xestión destas mochilas creouse un módulo dentro de Koha, co obxectivo de xestionar dende a súa creación ata a circulación das mesmas.

2. ACCESO

O acceso á pantalla *Mochilas viaxeiras* pode facerse de dúas formas: dende a opción do menú central da pantalla de Inicio ou dende o menú superior da Intranet, pulsando na opción *Máis > Mochilas*.



Móstrase a pantalla *Mochilas*, na que se presentan dúas táboas informativas. Na primeira, indícanse os tipos de ítem que se lle poden asignar a unha mochila, así como as regras de circulación asociadas a cada un:

- *Nome*: Identifica os tipos de ítem que se poden asociar a unha mochila, que actualmente son: Mochila 1, Mochila 2 e Mochila 3.

- *Período de préstamo*: nesta columna indícase o número de días que pode levarse en préstamo cada tipo de mochila.
- *Renovacións permitidas*: indica o número de veces que pode renovarse o préstamo de cada tipo de mochila.
- *Reservas permitidas*: indica o número máximo de reservas permitidas para cada tipo mochila.

A segunda táboa detalla a información das mochilas existentes, organizada nas seguintes columnas:

- *ID*.
- *Nome*.
- *Tipo de ítem*.
- *Número de ítems*: cantidade de exemplares que conforman a mochila.
- *Habilitado*: esta columna representa mediante o indicador (Si/Non) se a mochila está activada ou desactivada para a súa circulación.
- *Creador/a*: nome da persoa usuaria que creou a mochila (independentemente de quen a modificou despois).
- *Nota do persoal*: mostra, no caso de que exista, información introducida polo persoal da biblioteca sobre a mochila en forma de nota privada (será só visible na Intranet, as persoas usuarias non terán acceso a esta información).
- *Estado*: información relativa a se a mochila está prestada a algunha persoa usuaria, indicando o nome e apelidos da persoa lectora, número de carné e data de vencemento do préstamo.
- *Data de creación*: con información da data na que foi creada a mochila.
- *Accións*: esta columna inclúe botóns que permiten realizar diferentes accións sobre a mochila, como son editar, activar, duplicar, borrar etc. As opcións dispoñibles na columna *Accións* varían en función do estado no que se atope nese momento dita mochila.

3. CREAR MOCHILA

Para crear unha mochila nova, dende pantalla *Mochilas* prememos no botón *+Nova mochila*.

Inicio > Mochilas

+ Nova mochila

Mochilas

Tipos de ítem de mochilas

Nome	Período de préstamo	Renovacións permitidas	Reservas permitidas
Mochila 1	15 días	0	0
Mochila 2	30 días	0	0
Mochila 3	7 días	0	0

Mostrando 1 a 20 de 74 Mostrar **20** entradas << Primeiro << Previo Seguinte >> Último >> Buscar:

Id	Nome	Tipo de ítem	Número de ítems	Habilitado	Creador/a	Nota do persoal	Estado	Data de creación	Accións
205	Álbum ilustrado Secundaria SC	Mochila 2	27	Si	Eva CANCIO RASCADO			18/04/2022	Desactivar Duplicar
211	Álbum ilustrado Secundaria PO	Mochila 2	28	Si	Eva CANCIO RASCADO			18/04/2022	Desactivar Duplicar
209	Álbum ilustrado Secundaria OU	Mochila 2	27	Si	Eva CANCIO RASCADO			18/04/2022	Desactivar Duplicar
213	Álbum ilustrado Secundaria LU	Mochila 2	28	Si	Eva CANCIO RASCADO			18/04/2022	Desactivar Duplicar

Móstrase o formulario de creación da nova mochila formado polos campos:

Circulación Usuarios/as Buscar Carriño Máis [eva.canciorascado](#) | Asesoría de Bit

koha Introduza palabras clave para a busca: Enviar

[Préstamo](#) [Devolución](#) [Renovar](#) **Buscar no catálogo**

Inicio > Mochila > Nova mochila

Crear mochila

Nome: *Requirido*

Tipo de ítem: **Seleccionar tipo de ítem** *Requirido*

Nota do persoal:

Tipos de ítem de mochilas

Nome	Período de préstamo	Renovacións permitidas	Reservas permitidas
Mochila 1	15 días	0	0
Mochila 2	30 días	0	0
Mochila 3	7 días	0	0

Gardar **Cancelar**

- **Nome:** campo obrigatorio. Débese ter en conta que non poden existir dúas mochilas co mesmo nome na mesma biblioteca.

- *Tipo de ítem:* campo obrigatorio. A través dun despregable, permite seleccionar o tipo de exemplar que se asocia á mochila. Os tipos de ítem que se poden asociar a unha mochila son:
 - Mochila 1: 15 días de préstamo
 - Mochila 2: 30 días de préstamo
 - Mochila 3: 7 días de préstamo
- *Nota do persoal:* campo non obrigatorio de texto libre onde a persoa bibliotecaria pode introducir a información que considere oportuna.

Unha vez completados os campos pulsar no botón *Gardar*.

Crear mochila

Nome: *Requirido*

Tipo de ítem: Seleccionar tipo de ítem ▼ *Requirido*

Nota do persoal:

Tipos de ítem de mochilas

Nome	Período de préstamo	Renovacións permitidas	Reservas permitidas
Mochila 1	15 días	0	0
Mochila 2	30 días	0	0
Mochila 3	7 días	0	0

Gardar Cancelar

O sistema amosa unha mensaxe de confirmación. A información da mochila creada aparecerá na táboa de mochilas existentes.

* Débese ter en conta que a mochila creada vai aparecer por defecto deshabilitada.

3.1. ENGADIR EXEMPLARES

Para poder engadir exemplares, a mochila debe estar deshabilitada e o exemplar non pode estar prestado nin reservado (os ítems / exemplares poden ser ou non prestables).

Os exemplares poden engadirse á mochila de dúas formas diferentes:

1. Dende a mochila: pulsar no nome da mochila unha vez creada e consignar o código de barras do exemplar que se quere engadir, de forma manual ou lendo o código de barras co lector de códigos de barras.

Circulación Usuarios/as Buscar Carriño Máis eva.canciorascado | Asesoría de Bibliotecas Escolares

koha

Introduza palabras clave para a busca:

Préstamo Devolución Renovar **Buscar no catálogo**

Inicio > Mochilas > Contido de Literatura de non ficción Primaria OU

Engadir ítems

Código de barras:

CEL009000005526

Agregar

+ Nova mochila Editar mochila Descargar mochila

Contidos de Literatura de non ficción Primaria OU (Deshabilitada)

2. Dende o rexistro bibliográfico: pulsando no botón *Agregar* á mochila na vista normal do rexistro bibliográfico, situado a carón dos exemplares dispoñibles.

+ Novo Editar Gardar a Imprimir Facer reserva

Validado

Fuerte, suave, murmurado / Romana Romanyshyn

Autor(es): Romanyshyn, Romana [autor/a].

Autor(es) adicional(ais): Romanyshyn, Romana [ilustrador/a]; Lesiv, Andriy [autor/a]; Lesiv, Andriy [ilustrador/a]; Rebón, Marta [tradutor/a]; Mateo, Ferran [tradutor/a].

Tipo: Libro

Editor: Granada : Barbara Fiore, 2017

Descrición: 56 p. : il. cor ; 29 cm.

ISBN: 9788416985950

Materia(s): Anatomía | Idiomas | Instrumentos musicais | Oído | Natureza | Linguaxe de signos | Sons

Recursos en liña: Faga clic para acceso en liña

Listas que inclúen este título: Diversidade

Vista previa MARC: Mostrar

Existencias Descricións Detalles de adquisición

▼ Activar filtros

Tipo de ítem	Localización actual	Biblioteca de orixe	Sinatura	Estado	Última vez visto	Código de barras	Datos do exemplar	Número de volume	Notas públicas	Notas privadas	Notas	
Mochila	Asesoría de Bibliotecas Escolares	Asesoría de Bibliotecas Escolares Maletas viaxeiras	53 ROM fue	Dispoñible	18/10/2024	CEL009000005526			Maleta Literatura de non ficción EP OU		Pública: Maleta Literatura de non ficción EP OU	Editar Agregar á mochila
Prestable	Asesoría de Bibliotecas Escolares	Asesoría de Bibliotecas Escolares Maletas viaxeiras	53 ROM fue	Dispoñible	02/03/2022	CEL009000004510			Maleta LIBRO INFORMATIVO Secundaria CO		Pública: Maleta LIBRO INFORMATIVO Secundaria CO	Editar Agregar á mochila
Prestable	Asesoría de Bibliotecas Escolares	Asesoría de Bibliotecas Escolares Maletas viaxeiras	53 ROM fue	Dispoñible	21/02/2020	CEL009000003589			Maleta LIBRO INFORMATIVO Primaria CO		Pública: Maleta LIBRO INFORMATIVO Primaria CO	Editar Agregar á mochila

Ao pulsar o botón, ábrese unha ventá emerxente chamada *Agregar a unha mochila*, que permite agregar o exemplar a unha mochila xa existente ou crear unha nova (cumprimentando só os campos obrigatorios *Nome da mochila* e *Tipo de ítem*).

Pulsar en *Gardar* para asociar o exemplar escollido á mochila correspondente.

3.2. MODIFICACIÓN E VISUALIZACIÓN DE EXEMPLARES

Cando a mochila está habilitada, a información dos exemplares que ten asociados modifícase de forma temporal:

- Inclúese unha localización temporal indicando que o exemplar está na "Mochila X". Esta información aparece nunha cor diferente en forma de ligazón (ao pulsar sobre ela, o sistema mostra o contido da mochila á que pertence o exemplar).
- O estado dos exemplares pasa a *Non dispoñible*, é dicir, non se poden prestar nin reservar individualmente.
- O tipo de ítem pasa a ser o da mochila, herdando as regras de circulación asociadas a el.



Validado

Fuerte, suave, murmurado / Romana Romanyshyn

Autor(es): [Romanyshyn, Romana \[autor/a\]](#).

Autor(es) adicional(ais): [Romanyshyn, Romana \[ilustrador/a\]](#); [Lesiv, Andriy \[autor/a\]](#); [Lesiv, Andriy \[ilustrador/a\]](#); [Rebón, Marta \[tradutor/a\]](#); [Mateo, Ferrán \[tradutor/a\]](#).

Tipo: [Libro](#)

Editor: Granada : [Barbara Fiore](#) , 2017

Descripción: 56 p. : il. cor ; 29 cm.

ISBN: 9788416985050

Materia(s): [Anatomía](#) | [Idiomas](#) | [Instrumentos musicales](#) | [Oído](#) | [Naturaleza](#) | [Linguaxe de signos](#) | [Sons](#)

Recursos en liña: [Faga clic para acceso en liña](#)

Listas que inclúen este título: [Diversidade](#)

Vista previa MARC: [Mostrar](#)

Existencias Descripcións Detalles de adquisición

▼ Activar filtros

Tipo de ítem	Localización actual	Biblioteca de orixe	Sinatura	Estado	Última vez visto	Código de barras	Datos do exemplar	Número de volume	Notas públicas	Notas privadas	Notas	
Mochila 2	Asesoría de Bibliotecas Escolares <i>Literatura de non ficción Primaria OU</i>	Asesoría de Bibliotecas Escolares <i>Maletas viaxeiras</i>	53 ROM fue	Non disponible	18/10/2024	CEL009000005526			Maleta Literatura de non ficción EP OU		Pública: Maleta Literatura de non ficción EP OU	Editar
Prestable	Asesoría de Bibliotecas Escolares	Asesoría de Bibliotecas Escolares <i>Maletas viaxeiras</i>	53 ROM fue	Dispoñible	02/03/2022	CEL009000004510			Maleta LIBRO INFORMATIVO Secundaria CO		Pública: Maleta LIBRO INFORMATIVO Secundaria CO	Editar Agregar á mochila
Prestable	Asesoría de Bibliotecas Escolares	Asesoría de Bibliotecas Escolares <i>Maletas</i>	53 ROM fue	Dispoñible	21/02/2020	CEL009000003589			Maleta LIBRO INFORMATIVO Primaria CO		Pública: Maleta LIBRO INFORMATIVO Primaria CO	Editar Agregar á mochila

* Para que un exemplar poida asociarse a unha mochila non pode estar prestado, reservado, retirado ou perdido. Se o exemplar que se quere asociar á mochila está asociado a outra mochila (nese momento deshabilitada) o sistema mostrará unha mensaxe informativa indicando que o exemplar xa forma parte doutra mochila deshabilitada (pero permite forzar a vinculación). Se a persoa usuaria preme en *Aceptar*, engádese o exemplar á nova mochila e retírao da anterior.

3.3. DESVINCULAR EXEMPLARES

Os exemplares incluídos nunha mochila poden desvincularse da mesma, retornando ao seu estado orixinal (no relativo ao tipo de ítem, estado e localización).

Ter en conta que para que os exemplares poidan desvincularse, a mochila á que pertencen non pode estar prestada nin habilitada.

Dende o contido da mochila, seleccionar o checkbox da esquerda dos exemplares que se queren desvincular desda mochila e pulsar en *Eliminar seleccionados*.



Móstrase unha mensaxe de confirmación. Unha vez aceptada, os exemplares desaparecen da mochila e volven ao seu estado orixinal.

intranet.edubib.xunta.gal dice

Está seguro que desexa eliminar estes ítems da mochila?



4. XESTIONAR MOCHILAS

Dende a pantalla *Mochilas*, ademais de crear unha mochila poderanse realizar varias accións coas xa existentes.

4.1. VISUALIZAR CONTIDO


Para visualizar o contido dunha mochila, localizar na táboa da pantalla *Mochilas* e pulsar sobre o seu título.

207	Álbum ilustrado Secundaria CO	Mochila 2	0	Non	Eva CANCIO RASCADO		18/04/2022	Editar Borrar
204	Álbum ilustrado Primaria SC	Mochila 2	31	Si	Eva CANCIO RASCADO		18/04/2022	Desactivar Duplicar
210	Álbum ilustrado Primaria PO	Mochila 2	31	Si	Eva CANCIO RASCADO		18/04/2022	Desactivar Duplicar
208	Álbum ilustrado Primaria OU	Mochila 2	31	Si	Eva CANCIO RASCADO		18/04/2022	Desactivar Duplicar

Na pantalla *Contidos de...* amósanse os ítems que forman parte da mochila nese

momento, indicando de cada un deles información relativa ó exemplar: *Título*, *Autor/a*, *Dispoñible* e *Código de barras* (en forma de ligazón que, en caso de premer, levará aos datos do exemplar).

Se a mochila está deshabilitada, indícase ao lado do seu nome, e aparece a caixa para agregar novos ítems á esquerda da pantalla.



The screenshot shows the Koha library management interface. At the top, there's a navigation bar with links like 'Circulación', 'Usuarios/as', 'Buscar', 'Carriño', and 'Máis'. Below this is a search bar with the text 'Introduza palabras clave para a busca:' and a button 'Enviar'. There are also tabs for 'Préstamo', 'Devolución', 'Renovar', and 'Buscar no catálogo'. The main content area is titled 'Contidos de Álbum ilustrado Primaria SC (Deshabilitada)'. On the left, there's a sidebar with a section 'Engadir ítems' containing a 'Código de barras:' input field and an 'Agregar' button. The main table lists three items:

	Título	Autor/a	Dispoñible	Código de barras
☐	Animalfabeto Autor(es): Mejuto, Eva Editor/a: Vigo : Triqueta Verde , 2021 Edición: 1ª ed. Descripción: 53 p. : il. cor ; 31 cm ISBN: 9788418687228. Recursos en liña: Faga clic aquí para acceso en liña Non se permiten reservas Editar rexistro Editar exemplares	Mejuto, Eva	Si	CEL009000004649
☐	O camiño Autor(es): Núñez, Marisa Series: Colección O. Editor/a: Pontevedra : OQO editora , 2020 Edición: 1ª ed. Descripción: 30 p. : il. cor ; 25 cm ISBN: 9788498716344. Recursos en liña: Faga clic aquí para acceso en liña Non se permiten reservas Editar rexistro Editar exemplares	Núñez, Marisa	Si	CEL009000004648
☐	O conto do outro día Autor(es): Aliaga, Roberto Series: DEMADEMORA. Editor/a: Pontevedra : Kalandraka , 2020	Aliaga, Roberto	Si	CEL009000004647

Se a mochila está habilitada, indícase ao lado do seu nome; aparece visible o botón *Préstamo* e todos os exemplares aparecen como dispoñibles.

Circulación Usuarios/as Buscar Carriño Más eva.canciorascado | Asesoría de Bibliotecas Escolares

koha

Introduza palabras clave para a busca:

Préstamo Devolución Renovar **Buscar no catálogo**

Inicio > Mochilas > Contido de Álbum ilustrado Primaria SC

+ Nova mochila Descargar mochila Préstamo

Contidos de Álbum ilustrado Primaria SC (Habilitada)

Mostrando 1 a 31 de 31 Mostrar Todo entradas Primero Previo Seguinte Último Buscar

Título	Autor/a	Dispoñible	Código de barras
Animalfabeto Autor(es): Mejuto, Eva Editor/a: Vigo : Triqueta Verde , 2021 Edición: 1ª ed. Descripción: 53 p. : il. cor ; 31 cm ISBN: 9788418687228. Recursos en liña: Faga clic aquí para acceso en liña Non se permiten reservas Editar rexistro Editar exemplares	Mejuto, Eva	Si	CEL009000004649
O camiño Autor(es): Núñez, Marisa Series: Colección O. Editor/a: Pontevedra : OQO editora , 2020 Edición: 1ª ed. Descripción: 30 p. : il. cor ; 25 cm ISBN: 9788498716344. Recursos en liña: Faga clic aquí para acceso en liña Non se permiten reservas Editar rexistro Editar exemplares	Núñez, Marisa	Si	CEL009000004648
O conto do outro día Autor(es): Aliaga, Roberto Series: DEMADEMORA. Editor/a: Pontevedra : Kalandraka , 2020	Aliaga, Roberto	Si	CEL009000004647

Se unha mochila está prestada, móstranse os botóns *Devolución* e *Renovar*.

Circulación Usuarios/as Buscar Carriño Más eva.canciorascado | Asesoría de Bibliotecas Escolares

koha

Introduza palabras clave para a busca:

Préstamo Devolución Renovar **Buscar no catálogo**

Inicio > Mochilas > Contido de Álbum ilustrado Primaria SC

+ Nova mochila Descargar mochila **Devolución** **Renovar**

Contidos de Álbum ilustrado Primaria SC (Habilitada)

✓ Seleccionar todo X Limpar todo

Mostrando 1 a 31 de 31 Mostrar Todo entradas Primero Previo Seguinte Último Buscar

Título	Autor/a	Dispoñible	Código de barras
☐ Animalfabeto Autor(es): Mejuto, Eva Editor/a: Vigo : Triqueta Verde , 2021 Edición: 1ª ed. Descripción: 53 p. : il. cor ; 31 cm ISBN: 9788418687228. Recursos en liña: Faga clic aquí para acceso en liña Non se permiten reservas Editar rexistro Editar exemplares	Mejuto, Eva	Si	CEL009000004649
☐ O camiño Autor(es): Núñez, Marisa Series: Colección O. Editor/a: Pontevedra : OQO editora , 2020 Edición: 1ª ed. Descripción: 30 p. : il. cor ; 25 cm ISBN: 9788498716344. Recursos en liña: Faga clic aquí para acceso en liña Non se permiten reservas Editar rexistro Editar exemplares	Núñez, Marisa	Si	CEL009000004648
☐ O conto do outro día Autor(es): Aliaga, Roberto Series: DEMADEMORA. Editor/a: Pontevedra : Kalandraka , 2020	Aliaga, Roberto	Si	CEL009000004647

Na columna *Estado* da pantalla *Mochilas* aparece "Prestado a" seguido do nome da persoa usuaria, número de carné e data de vencemento do préstamo.

Mostrando 1 a 20 de 74		Mostrar 20 entradas	Primeiro	Previo	Seguinte	Último	Buscar		
Id	Nome	Tipo de ítem	Número de ítems	Habilitado	Creador/a	Nota do persoal	Estado	Data de creación	Accións
205	Álbum ilustrado Secundaria SC	Mochila 2	27	Si	Eva CANCIO RASCADO			18/04/2022	Desactivar Duplicar
211	Álbum ilustrado Secundaria PO	Mochila 2	28	Si	Eva CANCIO RASCADO			18/04/2022	Desactivar Duplicar
209	Álbum ilustrado Secundaria OU	Mochila 2	27	Si	Eva CANCIO RASCADO			18/04/2022	Desactivar Duplicar
213	Álbum ilustrado Secundaria LU	Mochila 2	28	Si	Eva CANCIO RASCADO			18/04/2022	Desactivar Duplicar
207	Álbum ilustrado Secundaria CO	Mochila 2	0	Non	Eva CANCIO RASCADO			18/04/2022	Editar Borrar
204	Álbum ilustrado Primaria SC	Mochila 2	31	Si	Eva CANCIO RASCADO		Prestado a Eva CANCIO RASCADO (CEL009-12) hasta 13/05/2025	18/04/2022	Duplicar

4.2. EDITAR MOCHILA

Pódense editar os datos dunha mochila (nome, tipo de ítem ou nota do persoal) pulsando no botón *Editar* situado na columna *Accións* da táboa mochilas.

* Hai que ter en conta que a opción de editar só está dispoñible no caso de non estar habilitada nin prestada a mochila.

Mostrando 1 a 20 de 74		Mostrar 20 entradas	« Primeiro	« Previo	Seguinte »	Último »	Buscar:		
Id	Nome	Tipo de ítem	Número de ítems	Habilitado	Creador/a	Nota do persoal	Estado	Data de creación	Accións
205	Álbum ilustrado Secundaria SC	Mochila 2	27	Si	Eva CANCIO RASCADO			18/04/2022	Desactivar Duplicar
211	Álbum ilustrado Secundaria PO	Mochila 2	28	Si	Eva CANCIO RASCADO			18/04/2022	Desactivar Duplicar
209	Álbum ilustrado Secundaria OU	Mochila 2	27	Si	Eva CANCIO RASCADO			18/04/2022	Desactivar Duplicar
213	Álbum ilustrado Secundaria LU	Mochila 2	28	Si	Eva CANCIO RASCADO			18/04/2022	Desactivar Duplicar
207	Álbum ilustrado Secundaria CO	Mochila 2	0	Non	Eva CANCIO RASCADO			18/04/2022	Editar Borrar
204	Álbum ilustrado Primaria SC	Mochila 2	31	Si	Eva CANCIO RASCADO			18/04/2022	Desactivar Duplicar
210	Álbum ilustrado Primaria PO	Mochila 2	31	Si	Eva CANCIO RASCADO			18/04/2022	Desactivar Duplicar
208	Álbum ilustrado Primaria OU	Mochila 2	31	Si	Eva CANCIO RASCADO			18/04/2022	Desactivar Duplicar

O sistema abre un formulario que permite editar os datos da mochila.

Editar mochila

Nome:

Álbum ilustrado Secundaria

Requirido

Tipo de ítem:

Mochila 2

Requirido

Nota do persoal:

Gardar

Cancelar

Tipos de ítem de mochilas

Nome	Período de préstamo	Renovacións permitidas	Reservas permitidas
Mochila 1	15 días	0	0
Mochila 2	30 días	0	0
Mochila 3	7 días	0	0

Os botóns *Gardar* ou *Cancelar* a edición permiten conservar os cambios realizados ou cancelar a operación.

4.3. ACTIVAR / DESACTIVAR MOCHILA

Activar

Para xestionar as mochilas segundo as necesidades da biblioteca e a dispoñibilidade dos exemplares, as mochilas poden ser activadas e desactivadas.

Para poder activar unha mochila, todos os exemplares que forman parte dela teñen que estar dispoñibles e sen reservas.

A activación dunha mochila faise premendo na columna *Accións* o botón *Activar*.

166	Ciencias Primaria SC	Mochila 2	1	Non	Eva CANCIO RASCADO		04/04/2022	Editar Activar Duplicar Borrar
-----	----------------------	-----------	---	-----	--------------------	--	------------	---

Unha vez habilitada unha mochila, os exemplares contidos nela pasan a formar parte do novo contedor, modificándose o seu estado, tipo e localización.

No suposto de que se queira activar unha mochila e que nese momento non estean todos os exemplares que a forman dispoñibles (é dicir, que estean prestados, reservados, retirados, perdidos ou asociados a outra mochila), débese acceder ao seu contido e desvincular os exemplares que nese momento non están dispoñibles.

Desactivar

Só se poden desactivar mochilas que non estean prestadas nese momento a ningunha persoa usuaria. Ao desactivala, todos os exemplares contidos nela volven ao seu estado orixinal (no relativo ao tipo de ítem, estado e localización).

Na columna *Accións* das mochilas activadas na pantalla *Mochilas* móstrase o botón *Desactivar*.

1097	Filosofía PO	Mochila 2	31	Si	Eva CANCIO RASCADO		03/05/2024	Desactivar Duplicar
------	--------------	-----------	----	----	--------------------	--	------------	--

4.4. DUPLICAR MOCHILA

O sistema permite o duplicado de mochilas xa creadas premendo no botón *Duplicar* que se atopa na columna *Accións* da pantalla *Mochilas*.

A información que se duplica é a relativa aos rexistros bibliográficos, polo que para poder duplicar unha mochila, ten que estar formada por rexistros bibliográficos que teñan varios exemplares asociados dispoñibles nese momento.

213	Álbum ilustrado Secundaria LU	Mochila 2	28	Si	Eva CANCIO RASCADO		18/04/2022	Desactivar Duplicar
-----	-------------------------------	-----------	----	----	--------------------	--	------------	--

Ao pulsar o botón *Duplicar*, móstrase a pantalla *Duplicar mochila* co formulario pre-cuberto cos mesmos datos que a mochila duplicada e o campo *Nome* pre-cuberto por defecto como: "Copia de (nome da mochila duplicada)".

Cómpre modificar neste formulario os datos que se consideren oportunos para crear a nova mochila, e pulsar o botón *Gardar* situado na parte baixa do mesmo.

Ao chegar a este punto, o sistema fai unha comprobación dos exemplares dispoñibles para a creación do duplicado, podéndose dar tres situacións:

1. Todos os rexistros da mochila orixinal teñen algún exemplar asociado dispoñible para ser engadido á nova mochila: móstrase a pantalla *Seleccionar ítems para engadir á mochila*, na que elixir, de cada un dos rexistros, o exemplar que se quere engadir á mochila duplicada, marcando o checkbox correspondente e pulsando o botón *Agregar á mochila*.
2. Non todos os rexistros teñen exemplar dispoñible para ser engadido á nova mochila: móstrase un aviso indicando esta situación, permitindo cancelar a acción ou continuar só cos exemplares dispoñibles.

En caso de pulsar *Aceptar* e continuar co proceso de duplicación, pásase á pantalla *Seleccionar ítems para engadir á mochila*, na que se mostran só os rexistros que teñen algún exemplar dispoñible. O proceso de creación continúa igual que na situación número 1.

3. Ningún dos rexistros da mochila orixinal ten exemplares dispoñibles: no caso de que ningún dos rexistros teña exemplares asociados dispoñibles para ser engadidos á nova mochila (por estar prestados, reservados, pertencer a unha mochila activa nese momento ou simplemente, por que non hai máis exemplares), a mochila non se poderá duplicar, polo que o botón *Duplicar* non aparecerá na columna accións.

Nas dúas primeiras situacións, o sistema crea a nova mochila (por defecto deshabilitada) cos exemplares escollidos durante a duplicación.

4.5. LISTADOS

A persoa bibliotecaria pode exportar o contido das mochilas. O resultado desta exportación pode ser de tres tipos:

- Ítems: listado en formato .csv no que se inclúe o nome da mochila, o título e autor dos rexistros bibliográficos, os códigos de barras e a sinatura dos exemplares que forman parte da mochila.

- **Rexistros bibliográficos:** listado en formato .csv no que se inclúen só os datos dos rexistros, non dos exemplares. É dicir, o título e o autor de cada un dos rexistros bibliográficos que teñen algún ítem asociado á mochila.
- **Imprimir mochila:** listado en formato .pdf no que se inclúe o nome da mochila e o total dos ítems que contén, a portada, o título, a persoa autora, a editorial e o ISBN dos rexistros bibliográficos.

Os listados poden obterse tanto se unha mochila está activada ou desactivada nese momento.

Para sacar o listado, dende a pantalla *Mochilas* é necesario acceder aos contidos da mochila que se desexe pulsando sobre o seu nome.

Mostrando 1 a 74 de 74		Mostrar Todo entradas	« Primeiro « Previo Seguinte » Último »				Buscar:		
Id	Nome	Tipo de ítem	Número de ítems	Habilitado	Creador/a	Nota do persoal	Estado	Data de creación	Accións
204	Álbum ilustrado Primaria SC	Mochila 2	31	Si	Eva CANCIO RASCADO			18/04/2022	Desactivar Duplicar
205	Álbum ilustrado Secundaria SC	Mochila 2	27	Si	Eva CANCIO RASCADO			18/04/2022	Desactivar Duplicar
208	Álbum ilustrado Primaria OU	Mochila 2	31	Si	Eva CANCIO RASCADO			18/04/2022	Desactivar Duplicar
209	Álbum ilustrado Secundaria OU	Mochila 2	27	Si	Eva CANCIO RASCADO			18/04/2022	Desactivar Duplicar

Móstrase a pantalla *Contido* da mochila correspondente. Pulsar no botón *Descargar mochila*. Ábrese un despregable permitindo escoller entre *Descargar ítems*, *Descargar bibliográficos* ou *Imprimir mochila*.

Inicio > Mochilas: Contido de Álbum ilustrado Primaria SC

+ Nova mochila **Descargar mochila** Préstamo

Contidos de Álbum ilustrado **SC (Habilitada)**

Mostrando 1 a 31 de 31

Primeiro « Previo Seg

TÍTULO

Animalfabeto
 Autor(es): Mejuto, Eva
 Editor/a: Vigo : Triquetra Verde , 2021
 Edición: 1ª ed.
 Descripción: 53 p. : il. cor. ; 31 cm
 ISBN: 9788418687228.
 Recursos en liña: [Faga clic aquí para acceso en liña](#)
 Non se permiten reservas | [Editar rexistro](#) | [Editar exemplares](#)

O camiño
 Autor(es): Núñez, Marisa
 Series: Colección O.
 Editor/a: Pontevedra : OQO editora , 2020

Mejuto, Eva

Núñez, Marisa

Elixir unha das tres opcións para descargar o listado correspondente.

4.6. ELIMINAR MOCHILA

Sempre que unha mochila estea deshabilitada, independentemente de se ten exemplares asociados ou non, pode eliminarse premendo no botón *Borrar* da columna *Accións*.

157	Banda deseñada Primaria SC	Mochila 2	0	Non	Eva CANCIO RASCADO		04/04/2022	Editar Borrar
-----	----------------------------	-----------	---	-----	--------------------	--	------------	--

Ao pulsar o botón *Borrar*, móstrase unha mensaxe emerxente de confirmación, que é necesario aceptar para proceder á eliminación da mochila.

5. PRESTAR MOCHILA

O préstamo das mochilas só se pode efectuar dende a pantalla *Mochilas* unha vez dentro do contido da mesma (xa que se presta como un contedor, independentemente do número de exemplares que conformen a mochila). Non é posible realizar dito préstamo dende a ficha da persoa usuaria nin tampouco dende o módulo circulación.

Mostrando 1 a 74 de 74		Mostrar Todo entradas	« Primeiro « Previo Seguinte » Último »			Buscar:			
Id	Nome	Tipo de item	Número de ítems	Habilitado	Creador/a	Nota do persoal	Estado	Data de creación	Accións
204	Álbum ilustrado Primaria SC	Mochila 2	31	Si	Eva CANCIO RASCADO			18/04/2022	Desactivar Duplicar
205	Álbum ilustrado Secundaria SC	Mochila 2	27	Si	Eva CANCIO RASCADO			18/04/2022	Desactivar Duplicar
208	Álbum ilustrado Primaria OU	Mochila 2	31	Si	Eva CANCIO RASCADO			18/04/2022	Desactivar Duplicar
209	Álbum ilustrado Secundaria OU	Mochila 2	27	Si	Eva CANCIO RASCADO			18/04/2022	Desactivar Duplicar

Para prestar a mochila seleccionada prememos no botón *Préstamo*.

Nota: Se se quere prestar unha mochila da que falta algún exemplar, é necesario deshabilitala, desvincular o exemplar ou exemplares en cuestión e volver habilitala para realizar o préstamo.

Inicio > Mochilas > Contido de Álbum ilustrado Primaria SC

[+ Nova mochila](#)
[Descargar mochila](#)
[Préstamo](#)

Contidos de Álbum ilustrado Primaria SC (Habilitada)

Mostrando 1 a 31 de 31 Mostrar **Todo** entradas << Primeiro << Previo Seguinte >> Último >> Buscar:

Título	Autor/a	Dispoñible	Código de barras
Animalfabeto Autor(es): Mejuto, Eva Editor/a: Vigo : Triqueta Verde , 2021 Edición: 1ª ed. Descripción: 53 p. : il. cor ; 31 cm ISBN: 9788418687228. Recursos en liña: Faga clic aquí para acceso en liña Non se permiten reservas Editar rexistro Editar exemplares	Mejuto, Eva	Si	CEL009000004649
O camiño Autor(es): Núñez, Marisa Series: Colección O. Editor/a: Pontevedra : OQO editora , 2020 Edición: 1ª ed. Descripción: 30 p. : il. cor ; 25 cm ISBN: 9788498716344. Recursos en liña: Faga clic aquí para acceso en liña Non se permiten reservas Editar rexistro Editar exemplares	Núñez, Marisa	Si	CEL009000004648
O conto do outro día Autor(es): Aliaga, Roberto Series: DEMADEMORA. Editor/a: Pontevedra : Kalandraka , 2020	Aliaga, Roberto	Si	CEL009000004647

Ao pulsar o botón *Préstamo*, o sistema mostra unha ventá emerxente na que introducir o número de carné ou parte do nome e apelidos da persoa usuaria á que se quere prestar a mochila. Unha vez consignados os datos da persoa, pulsar o botón *Enviar*.

Koha > Prestar mochila - Google Chrome

intranet.edubib.xunta.gal/cgi-bin/koha/backpack/backpack-circulatio...

Préstamo Álbum ilustrado Primaria SC

Usuario/a
 Introduza o número de carné do/a usuario/a ou parte do seu apelido:

[Enviar](#)

Posteriormente mostrarase unha mensaxe de confirmación do préstamo.

No apartado *Préstamo* da ficha da persoa usuaria móstranse:

- Na táboa *Préstamos*, todos os ítems que forman parte da mochila. Para estes exemplares, as opcións das columnas *Renovar* e *Devolución* aparecen deshabilitadas, o tipo de ítem é o da mochila e a localización é o nome da mochila da que forman parte.
- Na caixa para realizar préstamos á persoa usuaria, aparece a indicación *Mochilas*. Ao pulsala, aparecerá o nome de todas as mochilas que a persoa

usuaria ten prestadas. Cada un destes nomes é unha ligazón ao contido da mochila correspondente.

6. DEVOLVER MOCHILA

Ao igual que o préstamo, a devolución dunha mochila só se pode facer dende *Mochilas*, non sendo posible dende a ficha da persoa usuaria nin tampouco dende o módulo circulación.

É preciso acceder á pantalla *Mochilas* e localizar a mochila que se quere devolver. Visualizarase o seu contido pulsando no nome da mochila.

204	Álbum ilustrado Primaria SC	Mochila 2	31	Si	Eva CANCIO RASCADO	Prestado a Eva CANCIO RASCADO (CEL009-12) hasta 13/05/2025	18/04/2022	Duplicar
-----	---	-----------	----	----	------------------------------------	--	------------	--------------------------

Móstrase o contido da mochila e márcanse os checkbox, comprobando que todos os exemplares que a forman están dentro, e púlsase o botón *Devolución*.

Inicio > Mochilas: Contido de Álbum ilustrado Primaria SC

+ Nova mochila | Descargar mochila | **Devolución** | Renovar


Contidos de **Álbum ilustrado Primaria SC** (Habilitada)

✓ Seleccionar todo | ✗ Limpiar todo

Mostrando 1 a 31 de 31 | Mostrar: **Todo** | entradas | ((1)) Primeiro ((2)) Previo Seguinte ((3)) Último ((4)) | Buscar:

	Título	Autor/a	Disponible	Código de barras
☒	Animalfabeto Autor(es): Mejuto, Eva Editor/a: Vigo : Triqueta Verde , 2021 Edición: 1ª ed. Descripción: 53 p. : il. cor ; 31 cm ISBN: 9788418687228. Recursos en liña: Faga clic aquí para acceso en liña Non se permiten reservas Editar rexistro Editar exemplares	Mejuto, Eva	Si	CEL009000004649
☒	O camiño Autor(es): Núñez, Marisa Series: Colección O. Editor/a: Pontevedra : OQO editora , 2020 Edición: 1ª ed. Descripción: 30 p. : il. cor ; 25 cm ISBN: 9788498716344. Recursos en liña: Faga clic aquí para acceso en liña Non se permiten reservas Editar rexistro Editar exemplares	Núñez, Marisa	Si	CEL009000004648
☒	O conto do outro día Autor(es): Aliaga, Roberto Series: DEMADEMORA. Editor/a: Pontevedra : Kalandraka , 2020	Aliaga, Roberto	Si	CEL009000004647

Sae unha mensaxe emerxente indicando que a devolución da mochila foi realizada correctamente.



Se antes de pulsar o botón *Devolución*, algún dos exemplares non foi seleccionado, o sistema avisa á persoa usuaria mediante unha mensaxe, indicando que faltan exemplares por seleccionar. Se decide continuar coa devolución pulsando o botón *Aceptar*, os exemplares non seleccionados devolveranse pero o seu estado pasa a ser *Perdido, non devolto* e a mochila deshabilitase.

Para poder volver activar esa mochila e prestala, é necesario desvincular o exemplar (ou exemplares) que falta.

7. RENOVAR MOCHILA

A renovación dunha mochila prestada pode facerse tantas veces como a persoa bibliotecaria decida.

Ao igual que no caso dos préstamos e devolucións, o proceso de renovación dunha mochila só pode efectuarse dende a pantalla *Mochilas*; non é posible dende a ficha da persoa usuaria nin dende o módulo circulación, nin tampouco que a persoa lectora o realice dende o OPAC.

Para facer a renovación, é necesario acceder ao contido da mochila que se quere renovar pulsando sobre o seu nome.

1095	Filosofía SC	Mochila 2	31	Si	Eva CANCIO RASCADO	Prestado a Eva CANCIO RASCADO (CEL009-12) hasta 14/05/2025	03/05/2024	Duplicar
------	--------------	-----------	----	----	--------------------	--	------------	----------

Na pantalla *Contidos da mochila*, prememos sobre o botón *Renovar*.

Inicio > Mochilas > Contido de Filosofía SC

+ Nova mochila Descargar mochila Devolución Renovar

Contidos de Filosofía SC (Habilitada)

✓ Seleccionar todo | ✕ Limpiar todo

Mostrando 1 a 31 de 31 | Mostrar: Todo | entradas | « Primeiro « Previa Seguinte » Último » | Buscar:

	Título	Autor/a	Disponible	Código de barras
☐	Yo, persona Autor(es): Duthie, Ellen Series: Filosofía visual para niños y niñas. Editor/a: Madrid : Wonder Ponder , 2015 Edición: 1ª ed. Descripción: 1 caja : il. cor ; 18x18x3 cm ISBN: 9788494316722. Recursos en liña: Faga clic aquí para acceso en liña Non se permiten reservas Editar rexistro Editar exemplares	Duthie, Ellen	Si	CEL009000005274
☐	Mundo cruel Autor(es): Duthie, Ellen Series: Filosofía visual para niños y niñas. Editor/a: Madrid : Wonder Ponder , 2014 Edición: 1ª ed. Descripción: : il. cor ; 18x18x3 cm ISBN: 9788494316708. Recursos en liña: Faga clic aquí para acceso en liña Non se permiten reservas Editar rexistro Editar exemplares	Duthie, Ellen	Si	CEL009000005277
☐	¿Mau iz io? Autor(es): Ellis, Carson Editor/a: Albolote : Barbara Fiore , 2016 Descripción: 48 p. : il. cor ; 31 cm ISBN: 9788415208884.	Ellis, Carson	Si	CEL009000005227

O sistema mostrará unha mensaxe de confirmación, indicando que a renovación da mochila se realizou correctamente e a nova data de vencemento.

intranet.edubib.xunta.gal dice

Renovaranse todos os exemplares prestados nesta mochila.



A información sobre a data de vencemento actualizarase na ficha da persoa usuaria e na táboa *Mochilas*.